



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Bolsa de emprego auxiliares Servizo de Axuda no Fogar

EXPEDIENTE: 2026/G003/000204

ANTECEDENTES:

Por Resolución da Alcaldía núm. 137/2026 de data 01/06/2026 aprobouse a bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio (SAF) integrada polas seguintes aspirantes:

N.º orde na bolsa	DATOS PERSOAIS	PUNTOS
1	MARIA ESPERANZA HERMIDA MORENO	47
2	ADELA DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ	46
3	JUDIT OTERO CASTRO	40
4	UXÍA RIVEIROS PÉREZ	39
5	LORENA CARMUEGA COUCHEIRO	9

Por Resolución da Alcaldía núm. 138/2026 de data 01/06/2026 contratouse a Judit Otero Castro (DNI ***6240**) como auxiliar de axuda no fogar, mediante contrato laboral temporal por circunstancias da produción (por circunstancias imprevisibles) para reforzo global do servizo, durante un período máximo de seis (6) meses, a xornada completa, sendo a data de inicio o 1 de xuño de 2026.

En data 16/06/2026 a traballadora social, M^a Rosario Cal Dopico, emite informe xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal, solicitando: *"A actualización da bolsa existente ou creación dunha nova bolsa de emprego de auxiliares do SAF, para a contratación do persoal necesario: unha auxiliar a xornada completa e outra a xornada parcial para cubrir a demanda actual do municipio á maior brevidade posible."*

Vistas as circunstancias, faise preciso actualizar a bolsa aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 137/2026 de data 01/06/2026, abrindo unha nova convocatoria que permita ampliar as integrantes da bolsa, con suxeición ao disposto nas bases para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 28/04/2026.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Primeiro.- Dispoñer a apertura dunha nova convocatoria, abrindo un prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días naturais desde a publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Coirós.

Segundo.- Nomear unha comisión seleccionadora integrada polo seguinte persoal dos servizos sociais municipais:

Presidenta: María Rosario Cal Dopico

Vogais: Paula María Medal Martínez, Begoña Riveira Barros e Raquel Montero González

Secretaria: Paula Boado Presas

Terceiro.- O proceso selectivo realizarase o día 23 de xuño de 2026, nas dependencias municipais.

Cuarto.- Publicar a presente resolución na no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).